

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 15027307 | IES Isidro Parga Pondal | Carballo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 25 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 25 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 27 |
| 7.2. Actividades complementarias | 28 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 30 |

1. Introducción

Á hora de programar a materia de Lingua Galega e Literatura debemos ter en conta a situación sociolingüística do noso alumnado, maioritariamente galego-falante, con competencia relativamente boa, tanto por escrito como oralmente. Por esta razón o noso principal labor será mellorar a súa competencia lingüística e comunicativa a partir das súas capacidades orais e escritas. Aínda así, nos últimos anos estamos observando que o alumnado de nova incorporación trae o castelán como lingua de identidade. Este preocupante proceso de castelanización repercute negativamente no desenvolvemento da programación e na consecución dos obxectivos propostos. Polo tanto, deberemos prestar a este aspecto unha especial atención para recuperar estes falantes e acadar unha situación de normalización plena que afronta, ademais, outro tipo de prexuízos que dificultan o seu uso.

Para mellorar as competencias expresivas e comunicativas do noso alumnado traballaremos cun enfoque basicamente didáctico e interactivo onde desempeñará un papel protagonista o traballo diario coa comprensión lectora e expresión escrita, dado que un dos problemas máis evidentes que se constatan nos resultados dos/as alumnos/as nas probas que se lles realizan é a dificultade que teñen para comprender o que len e expresárense adecuados a un rexistro formal; a lectura serviralles, tamén, como elemento formativo e educador da súa sensibilidade literaria. Segundo o noso criterio, o enfoque na educación literaria debe poñer o acento na construción escolar de hábitos lectores; a literatura é unha ferramenta comunicativa utilizada polas persoas para dar sentido á experiencia persoal e colectiva, para entender o pasado, o presente e o futuro, e para explorar os límites e as posibilidades expresivas da linguaxe.

A educación lingüística busca a adquisición e o desenvolvemento da competencia comunicativa, é dicir, a mellora das capacidades expresivas e comprensivas do alumnado; e debe contribuír á adquisición e dominio das destrezas comunicativas máis habituais na vida cotiá: falar, escoitar, ler, escribir e entender. Por isto, unha didáctica da lingua e da literatura na actualidade debe ter en conta os cambios que se están a producir no ensino e na sociedade.

Tamén se promoverá a necesidade de valorar as actitudes, valores e normas do alumnado durante o desenvolvemento das clases, pois a aprendizaxe dunha actitude positiva, respectuosa cos/as compañeiros/as, co profesorado e coa propia aula forma parte fundamental do proceso educativo cara á formación de cidadáns/ás responsables, maduros/as e conscientes non só dos seus dereitos senón tamén dos seus deberes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|-------------|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-------|----|--------------|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Comunicación e propiedades textuais. Características dos substantivos e adxectivos | Nesta unidade traballaremos os procedementos de comunicación, as funcións da lingua e as propiedades textuais a través da comprensión e expresión oral e escrita. Asemade, analizaremos os compoñentes da lingua a través do substantivo e o adxectivo (morfoloxía, semántica, características gramaticais, graos do adxectivo...). | 17 | 18 | X | | |
| 2 | O galego antigo e a lírica medieval | Nesta unidade ímonos poñer en contacto coa situación da lingua e da literatura na época medieval. Para isto veremos as características sociolingüísticas, | 17 | 17 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | O galego antigo e a lírica medieval | socioecómicas e socioculturais dese momento. Do mesmo xeito, analizaremos as principais características do galego-portugués. Así mesmo, analizaremos as principais características da lírica amorosa, profana e relixiosa. | 17 | 17 | X | | |
| 3 | Tipoloxía textual I. Pronome persoal, artigos e adxectivos determinantes | Nesta unidade traballaremos cos textos argumentativos e expositivos. Ademais, analizaremos o pronome persoal, os artigos e os adxectivos determinantes. | 17 | 18 | | X | |
| 4 | A nosa realidade lingüística e o paso dos SSEE ao Rexurdimento | Nesta unidade analizaremos as funcións sociais da lingua e a realidade multilingüe do Estado español. Poñeremos o galego no mundo lusófono e relacionaremos todo isto coas linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas. Así mesmo, Veremos a evolución da literatura e da cultura ao longo dos SSEE ata o Rexurdimento, prestando especial atención a unha das primeiras protagonistas do mesmo (Rosalía de Castro). | 16 | 17 | | X | |
| 5 | Tipoloxía textual II. O verbo, o adverbio, a preposición e a conxunción | Nesta unidade analizaremos as características dos textos literarios. Ademais, reflexionaremos sobre diferentes tipos de palabras (o verbo, o adverbio, a preposición e a conxunción) | 17 | 18 | | | X |
| 6 | Características sociolingüísticas do galego e protagonistas do Rexurdimento | Nesta unidade analizaremos a situación social do galego a través do bilingüismo, diglosia e o conflito lingüístico. Asemade, traballaremos con outros protagonistas do Rexurdimento (Curros e Pondal) ata o fin do mesmo e a literatura do inicio do S. XX. | 16 | 17 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 1 | Comunicación e propiedades textuais. Características dos substantivos e adxectivos | 18 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o sentido global, a estrutura e a información relevante de textos de diferentes ámbitos. | PE | 90 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura e a información relevante e a intención do emisor en textos escritos de diferentes ámbitos. | | |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar criticamente a forma e o contido de textos escritos de diferentes ámbitos. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorporar procedementos para enriquecer os textos. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Avaliar a veracidade de noticias e informacións. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas utilizando o coñecemento da lingua. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Formular hipóteses e establecer xeneralizacións sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido xeral de textos orais de diferentes ámbitos. | TI | 10 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e |

| Contidos |
|---|
| <p>- composta).</p> <p>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</p> <p>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</p> <p>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.</p> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------------------|----------|
| 2 | O galego antigo e a lírica medieval | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, a partir da explicación do seu desenvolvemento hitórico e da situación actual. | | |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da reflexión e da investigación. | PE | 80 |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise de elementos lingüísticos. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia mediante a explicación argumentada. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Partillar a experiencia lectora e elaborar unha interpretación persoal. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 3 | Tipoloxía textual I. Pronome persoal, artigos e adxectivos determinantes | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos. | PE | 90 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital,

Contidos

- para obter información gramatical de carácter xeral.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 4 | A nosa realidade lingüística e o paso dos SSEE ao Rexurdimento | 17 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, a partir da explicación do seu desenvolvemento hitórico e da situación actual. | PE | 80 |
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da reflexión e da investigación. | | |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise de elementos lingüísticos. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia mediante a explicación argumentada. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | | |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Partillar a experiencia lectora e elaborar unha interpretación persoal. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. |

Contidos

- expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 5 | Tipoloxía textual II. O verbo, o adverbio, a preposición e a conxunción | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor en textos orais e multimodais propios de diferentes ámbitos. | PE | 80 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais. | | |
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos. | | |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural. | | |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | | |
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información. | Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación. | | |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | | |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor. | | |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realizar exposicións e argumentacións orais formais sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade textual. | | |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. |

Contidos

- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 6 | Características sociolingüísticas do galego e protagonistas do Rexurdimento | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, a partir da explicación do seu desenvolvemento hitórico e da situación actual. | PE | 85 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da reflexión e da investigación. | | |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise de elementos lingüísticos. | | |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | | |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados. | | |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia mediante a explicación argumentada. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra. | | |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Revisar os propios textos e facer propostas de mellora e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Partillar a experiencia lectora e elaborar unha interpretación persoal. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e da lusófona a través dunha guía en función das características. | TI | 15 |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. |

Contidos

- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Lingua Galega e Literatura o traballo do docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son fundamentais para a adquisición doutras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

Facilitarase que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiren para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

No 1º curso do bachareto na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumnado. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Repaso xeral dos contidos máis importantes estudados.
- Actividades que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións.
- Lectura individual e logo colectiva, en gran grupo, dos apartados de "Comunicación", "Reflexión sobre a lingua" e "Educación literaria", co obxectivo de mellorar a comprensión oral e fixar os conceptos.
- Facer fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; utilizar as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (e as súas revisións), facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, esquemas e resumos; manexar

algunha gramática que lles poida axudar a solucionar dúbidas, etc.

- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.
- Metodoloxía activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas (en concreto, da lingüística).
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe, así como do interese pola literatura e pola cultura do seu pobo.
- Fomento da lectura a través de diferentes propostas e recursos que poidan motivar o interese do alumnado por determinados temas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Libro de texto Lingua Galega e Literatura da editorial Anaya (2022) ISBN: 978-84-143-1108-0 |
| Libros de lectura |
| Acceso a recursos web |

O principal material que deberá empregar tanto o profesorado como o alumnado é o libro de texto, Lingua Galega e Literatura da editorial Anaya (2022) ISBN: 978-84-143-1108-0, que será completado con audicións, vídeos ou contidos multimedia nas diferentes explicacións. Asemade é de uso case diario o dicionario en rede da RAG e as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.

A lectura trimestral será proposta ao alumnado ao comezo de cada trimestre, para valorar os seus intereses e facer un percorrido literario do seu curriculum coherente e afín aos seus gustos. Na primeira avaliación a obra seleccionada foi : Camiños na auga de X. Núñez Singala.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial proporcionaranos información que axudará a regular e reaxustar os procesos de ensino-aprendizaxe. Así, ademais dos datos achegados polas cualificacións do ano anterior, o noso Departamento considera de gran utilidade facer unha avaliación inicial ao comezo de cada curso; deste xeito poderemos axustar mellor o programa establecido ás necesidades do alumnado.

Ao longo das primeiras semanas de clase, o alumnado realizará unha serie de tarefas coa finalidade de obter unha primeira información sobre a situación deste para detectar fortalezas e debilidades e realizar, en consecuencia, os cambios e adaptacións necesarias na programación de aula. Estas tarefas iniciais poden ser de diversa natureza tales como probas sobre os compoñentes gramaticais así como redaccións, comprensións ou probas orais realizadas na clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 17 | 16 | 17 | 16 | 100 |
| Proba escrita | 90 | 80 | 90 | 80 | 80 | 85 | 84 |
| Táboa de indicadores | 10 | 20 | 10 | 20 | 20 | 15 | 16 |

Criterios de cualificación:

O Departamento establece os seguintes criterios para a avaliación do alumnado de 1º de bacharelato:

1. Realización de unha ou dúas probas cualificables por avaliación, segundo considere oportuno o/a profesor/a. A nota media dos exames supoñerá o 80% da nota de avaliación á que se sumará o 10% do libro de lectura e o 10% do traballo diario, tarefas, traballos trimestrais... A media non se realizará cunha nota inferior a 3.5 e considerárase aprobada unha avaliación cando, unha vez examinadas e ponderadas todas as probas realizadas no trimestre, o/a alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Se a cualificación é inferior, a avaliación considerárase suspensa.

2. Cualificación final da materia:

En 1º de bacharelato, cando as tres avaliacións sexan cualificadas cunha nota igual ou superior a 5, a cualificación final será o resultado de realizar a media das tres avaliacións.

Na corrección dos exames teranse en conta os seguintes criterios relacionados coa corrección lingüística:

Moi graves: Desconto 0.2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.

Graves: Desconto 0.1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

Leves: Desconto 0.05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/ v, h, *ourense), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descuentan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Descontarase até un máximo de dous puntos sobre 10, ou, até un máximo do 20% da puntuación máxima da proba.

O Departamento determina, como para todos os niveis, que haberá penalización para o alumnado que sexa sorprendido copiando, tanto por medios analóxicos como dixitais, durante os exames ou calquera outra proba avaliable (incluso no caso de que as evidencias se produzan despois de ter rematada a proba).

A sanción que se establece é a de cualificación negativa (puntuación de 0) na proba en cuestión

Criterios de recuperación:

En 1º de bacharelato, o alumnado que teña suspensa unha avaliación irá ao global coa materia desa avaliación. quen teña máis de unha avaliación suspensa irá ao global con toda a materia.

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria deberá realizar unha proba extraordinaria en xuño,

establecida en base aos estándares de aprendizaxe e aos criterios onde se esixirán os contidos relacionados cos mesmos, que suporá o 100% da nota final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1º de Bacharelato o alumnado non ten a materia pendente, xa que comeza etapa.

O alumnado que non logre chegar acadar os obxectivos marcados para este curso nin logre chegar á nota mínima segundo o grao mínimo de consecución considerarase que non aprobou a materia e terá a posibilidade de recuperala, en caso de que pase de curso, no ano seguinte. Para isto, facilitaráselle información, material e seguimento, trimestralmente, dos contidos que debe traballar. En cada trimestre realizarase unha proba escrita para que este demostre a consecución dos obxectivos e dos estándares marcados para esta etapa. Se a media destes tres exames trimestrais elaborados en función dos estándares de aprendizaxe chega ao 5, considerarase que a materia está aprobada. De non ser así, poderán presentarse a unha proba final que versará sobre todos os contidos do curso e atenderá á consecución dos obxectivos e estándares de aprendizaxes marcados. A nota mínima para superar a materia será, igualmente de 5.

Para elaborar a media das tres probas deberá terse en cada unha delas un mínimo de 3'5.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Educación significa facer o posible para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, ademais, por suposto, de que superen os obxectivos curriculares establecidos. E isto significa ter que lle prestar unha esmerada atención á diversidade do noso alumnado. Está claro que cada persoa é diferente pero sabemos que os/as alumnos/as que precisan un maior esforzo de axuste pedagóxico son aqueles nos que se identificaron necesidades específicas de apoio educativo, que se categorizan nos seguintes grupos:

- o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas dunha discapacidade ou dun trastorno grave de conduta;
- o alumnado con altas capacidades intelectuais;
- o alumnado que se integrou de forma tardía no noso sistema educativo;
- o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe;
- o alumnado con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar.

A discapacidade pode ser de tipo físico (sensorial ou motórica), intelectual ou estar relacionada cun trastorno da linguaxe. No primeiro caso, asóciase normalmente a un déficit significativo no aparato visual, auditivo e/ou motórico. Adecuarase o proceso de aprendizaxe ás peculiaridades do alumno

Nos casos da discapacidade intelectual e dos trastornos, o/a profesor/a enfróntase a un problema totalmente diferente pois como norma xeral o/a alumno/a precisará unha adaptación curricular significativa dos obxectivos e dos contidos, e proceder a unha avaliación en consonancia. En concreto para os alumnos cun TEL (Trastorno Específico da Linguaxe). Para todos/as estes/as alumnos/as, as decisións sobre o seu itinerario académico deberán ser meditadas lentamente, en coordinación co Departamento de Orientación, posto que non será infrecuente que algúns/nhas se afasten da consecución das competencias que se estipulan para o curso.

Por trastorno de conduta enténdese esencial, aínda que non unicamente, o relacionado co Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade. En todos os casos o/a profesor/a deberá adoptar medidas ordinarias que compensen dalgún xeito as dificultades deste tipo de alumnado. De xeito breve, cabe mencionar: equilibrar unha adecuada rutina da clase cunha didáctica novidosa e motivadora, coidar a localización do alumno, reforzar os éxitos, valorar o esforzo por encima dos resultados (coidando así a súa autoestima e a súa motivación), modificar as ferramentas de

avaliación, etc. Se non existe desfase, non se deberán modificar os obxectivos. No caso de que exista desfase valorarase a posibilidade de realizar adaptacións do currículo, tendo sempre presente as competencias a alcanzar para poder promocionar e/ou titular.

Canto aos/as alumnos/as con altas capacidades intelectuais, o principal problema destes adoita ser a desmotivación, froito da sensación de aburrimiento que supón afrontar actividades sobre aprendizaxes que xa teñen conseguidas. A tarefa do/a profesor/a consiste en implementar estratexias didácticas adecuadas (p.e., facilitar que lideren traballos en equipo ou permitir que participen nalgúns explicacións como alumnos/as-axudantes) e en ofrecer actividades que supoñan un reto ao/á alumno/a (actividades de ampliación ou enriquecemento, voluntarias ou non).

Alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe e alumnos/as con necesidades educativas especiais por condicións persoais ou de historia escolar. Este campo foi recentemente incorporado á lexislación vixente e dá pé a diferentes interpretacións. O Departamento de Orientación deberá determinar os/as alumnos/as que se recollen baixo este epígrafe (p.e., alumnos/as con epilepsia que incida negativamente na súa aprendizaxe) e determinar así mesmo a liña da intervención educativa.

Tendo este abano de posibilidades presente, hai que presentar os contidos dun modo atractivo e estimulante co obxecto de atender á diversidade. Os cursos atéñense a unha estrutura cíclica que lles permite ao alumnado ampliar os seus coñecementos en base ao que xa saben e afondar máis nas áreas culturais ou lingüísticas novas ou de maior complexidade. Á súa vez, o complexo procedemento de avaliación contén criterios xerais que se deben elaborar e adaptar para cada grupo, establecendo obxectivos concretos, segundo o contexto do centro, o profesor e a clase. O profesorado dispón de distintos instrumentos de avaliación e habilidades, así como de tarefas concretas. Ademais, é necesario establecer os contidos mínimos segundo as necesidades, capacidades e ritmo ao que aprende o noso alumnado.

É máis, para poder ocuparnos das necesidades educativas con éxito hai que fixarse nas actividades, materiais e recursos dos que dispoñemos. A gran maioría das actividades mencionadas pódense utilizar de modo personalizado e son abertas de modo que cada alumno pode responder de forma diferente, segundo a súa capacidade.

Cada alumno/a necesitará unha cantidade de tempo determinada para a realización de tarefas que dependerá en maior ou menor grao da súa motivación. A maioría das actividades están pensadas para realizar na aula, pero tamén se poden mandar de tarefas para a casa a modo de reforzo. O mesmo material e/ou recursos se poden utilizar como apoio ou como ampliación, é dicir, cámbiase o obxectivo segundo corresponda. Por exemplo, unha sinxela pregunta sobre un texto pode servir de reforzo para o alumnado menos avanzados, pero tamén pode actuar como inspiración nunha actividade de ampliación na que se lles pida que pensen noutras palabras.

Recoméndase que o/a profesor/a aproveite as habilidades do alumnado de todas as formas que se lle ocorran. Pode suceder que un/ha alumno/a que detesta falar goce escribindo vocabulario no encerado, mentres que a outros se lles dea ben debuxar ou confeccionar pósters.

Outro factor crucial é a metodoloxía que segue o/a profesor/a co seu grupo en particular e, máis concretamente, co alumnado que ten dificultades de aprendizaxe. O máis importante con calquera tipo de tarefa é asegurarse de que se levaron a cabo unha correcta preparación previa, que os/as alumnos/as saben todas as palabras que van necesitar e que comprenden a finalidade da actividade. Se se lles dota coas ferramentas lingüísticas adecuadas que lles permitan realizar a actividade con éxito, teremos garantías de que a todos/asa lles resulta suficientemente, esixente e interesante. Sen a preparación necesaria, os/as alumnos/as poden sufrir unha experiencia de aprendizaxe negativa, o que os/as levará a perder confianza e a sentirse frustrados cunha actividade que esixe un grao de habilidade que non teñen.

Como se dixo anteriormente, a avaliación e a estimulación son cruciais para o alumnado, pero máis para aqueles que teñen NEAE. Ao realizar unha actividade, deben ser dirixidos para que atopen as respostas correctas en vez de facilitárllelas. Así, estes/as sentiranse satisfeitos ao encontrar a resposta correcta. Cada vez que un/ha alumno/a calquera cometa un erro, hai que insistir en que cometer erros é parte do proceso de aprendizaxe e que non deben sentir vergoña por equivocarse.

Non hai que esquecer que o repaso constante é outra parte importante do proceso de aprendizaxe que axudará en gran medida aos/as alumnos/as con necesidades especiais, así como ao resto do grupo. A ensinanza do noso idioma baséase nun sistema de repaso continuo, con diferentes xogos e técnicas para repasar o vocabulario estudado en cada unidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Educación cívica e constitucional | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Prevención da violencia de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Igualdade de trato e non discriminación | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Traballo en equipo | | | X | | | |

Observacións:

A comprensión lectora(1) e a expresión oral(2) e escrita : a materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

A comunicación audiovisual(3) e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) (4): Fomentárase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito (6): Fomentárase os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a comprometerse cunha cidadanía activa e democrática, desde unha perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable.

A igualdade efectiva entre mulleres e homes(7): Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico), mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

A prevención da violencia de xénero (8) e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc. Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social,. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural.

A igualdade de trato e non discriminación (9) por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

O traballo en equipo (10) será fundamental cando se necesite unha aprendizaxe proactiva entre iguais.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Proposta de lecturas axeitadas para o nivel. | Proposta de lecturas que serán escollidas de maneira individual, e sobre as que haberá un diálogo para facer a posta en común das mesmas. | X | X | X |

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Planificouse a unidade e é adecuada. |
| Clima de traballo na aula |
| Motivouse o alumnado. |
| Outros |
| Logros conseguidos |

Descrición:

Coa finalidade de avaliar o proceso do ensino centrámonos nun primeiro momento de planificación, xa que entendemos que debemos partir dunha boa base e esa planificación é primordial para acadar uns bos resultados finais.

Outro pilar que traballamos é a motivación do alumnado, procurando facer da aprendizaxe un feito relevante para a vida do noso alumnado.

Centramos a nosa atención no proceso de aprendizaxe, pero sen descoidar os logros conseguidos que serán valorados con unha avaliación dos mesmos.

Estes indicadores, en definitiva, axudarannos a ver se o proceso foi ou non correcto para o logro dos obxectivos.

Para a PLANIFICACIÓN DA UNIDADE veremos o cumprimento dos seguintes items:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Para a MOTIVACIÓN DO ALUMNADO:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Para os LOGROS CONSEGUIDOS:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa finalidade de facer o seguimento e de avaliar o noso labor docente incluímos unha serie de items que nos servirán para ver o grao de cumprimento e a efectividade do mesmo; destacamos os seguintes aspectos que serán sometidos á avaliación:

ASPECTOS PARA AVALIAR:

Temporalización das unidades didácticas.

Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.

Manexo dos contidos da unidade.
Desempeños das competencias.
Realización de tarefas.
Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
Recursos.
Claridade nos criterios de avaliación.
Uso de diversas ferramentas de avaliación
Consecución dos estándares de aprendizaxe.
Atención á diversidade.
Interdisciplinariade.

O seguimento farase tras a realización de cada proba, tras a realización de cada avaliación e ao final do curso. As propostas de mellora serán recollidas despois do seguimento e da avaliación final da programación.

9. Outros apartados